



BANDO

LIMPEZA DE FINCAS E SOLARES.-PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS 2022

En cumprimento da Lei 3/2007 e da Ordenanza reguladora da limpeza de fincas e solares, medidas preventivas contra incendios forestais e plantación de árbores (BOP 28 DO 04/02/2003), **comunicase que se vostede é titular/propietario de solares ou parcelas situadas en solo urbano, urbanizable e núcleo rural, ten a obriga de mantelas nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada antes do día 31 de maio de cada ano** e do seguinte xeito:

Primeiro.-Se a parcela se atopa dentro dunha franxa perimetral de 50 metros ao solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte deberán estar limpas (artigo 21 da Lei 3/2007)

Segundo.-No interior do núcleo de poboación e na totalidade da franxa de protección de 50 metros dende a liña que delimita urbanisticamente os núcleos, non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente lei como son piñeiros, eucaliptos, acacias, toxos, fentos, mimosas, xestas, carqueixa, piorno, carrasca (queiruga), silvas

Terceiro.-**Os solares** e parcelas incluídas dentro do solo urbano e de solo urbano no núcleo rural deberán de estar limpos de acordó co artigo 9º da citada ordenanza municipal que establece:

“Os propietarios de toda clase de terreos e construcións, deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedandolles expresamente prohibido manter neles lixos, residuos sólidos urbanos ou entullos e maleza”

Cuarto.-No suposto de incumprimento do disposto anteriormente o Concello, de oficio ou por solicitude de interesado, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obriga de xestión e limpeza da biomasa vexetal e arbórea ou do solar e para facelo se lle concederá un prazo máximo de 15 días naturais, ou de tres meses no caso de franxas laterales das vías de comunicación, contado dende a recepción da comunicación.

Quinto.-O incumprimento desta obriga, transcorridos os devanditos prazos, determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, coa imposición de sancións segundo o determinado no artigo 50 da Lei 3/2007 en relación co Título VII da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes e no caso do dos solares e parcelas en solo urbano e solo urbano no medio rural de acordó co establecido na ordenanza Reguladora no seu capítulo IV sobre a cualificación de infraccións e cadro de sancións.

Sexto.-Lémbrese que a administración pode repercutir os gastos da extinción dun incendio ás persoas reponsables de non cumprir coa obriga de limpeza e xestión da biomasa vexetal e polo incumprimento das distancias mínimas, segundo as mencionadas Leis 3/2007, 43/2012 e 7/2012, de prevención de incendios forestais e de montes de Galicia.


Xa que logo, APELANDO Á COLABORACIÓN DE TÓDOLOS CIDADÁNS INFORMO E COMUNICO DA OBRIGA de que as parcelas situadas dentro das franxas de protección a que se refiren os apartados anteriores estean limpas de maleza e desbrozadas denantes do día 31 de maio de cada ano e do xeito que queda determinado.





CONCELLO DE CHANTADA (Lugo)

Urbanismo e Medio Ambiente Praza de España n.º 1 982440011.-CHANTADA
urbanismo@concellodechantada.org



Na totalidade do círculo (interior núcleo e franxa 50m):

LIMPAS E SEN AS SEGUINTE ESPECIES:
Piñeiros / Eucaliptos / Acacias
Toxos / Fentos / Mimosas/ Xestas
Carqueixa / Piorno / Carrasca (queiruga)

**O Concello comezará a campaña de vixilancia e inspección a partir do 1 de xuño para comprobar o cumprimento efectivo de dita lei e asimesmo evitar ou minimizar os danos que se poidan producir polos incendios forestais.*

O ALCALDE,

Manuel L Varela Rodríguez

Asdo. Dixitalmente



Cod. Validación: 5RK2XDYA6GM39274HLAQ729W | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2